

**44.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17 DE OUTUBRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL NÚMS. 42 e 43 DE DATAS 3 DE OUTUBRO DE 2016 E 10 DE OUTUBRO DE 2016.**

Acordouse aprobar as actas núm. 42/2016 e 43/2016 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 3 de outubro de 2016 e 10 de outubro de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO DE EXPLOTACIÓN, situada na

parcela “Cruces e Pena” preto do lugar de Maceira, parroquia de Maceira, de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 02/08/15, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 11/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 365,40 euros.

**2.2.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para construción de nave para aloxamento de gando vacún de carne, situada na parcela de referencia catastral rústica polígono 293 e parcela 614, no paraxe de As Galladas na parroquia de Zobra, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 14/10/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 14/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 576 euros.

**2.3.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para ampliación de explotación de porcino, situada nunha parcela denominada “PITEIRO” que corresponde coas referencia catastral de rústica polígono 119 e parcela 153, na parroquia de Maceira, de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 19/08/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 14/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.015,30 euros.

**2.4.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación de cebadeiro de porcino, situada nunha parcela sita na finca denominada “VAL DO BOI”, de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 13/10/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 14/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 6.012 euros.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

**3.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para retirar e montar ventás en nave avícola, situada nunha parcela que corresponde coas referencia catastral de rústica preto do lugar de Gondoriz Grande, Vilatuxe, de Lalín, con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 10/10/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13/10/16 por importe de de 253,55 euros en concepto de ICIO.

#### **4.- CERTIFICACIONES DE OBRAS.**

Acordouse **aprobar as seguintes certificacións de obra:**

**4.1.-** Certificación de obra núm. 2 obra “**MELLORA DO ESPAZO MEDIOAMBIENTAL RÍO PONTIÑAS**”, presentada pola entidade **NAROM, S.L** redactada polo Arquitecto Técnico Director das obras cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **23.722,97 €**.

**4.2.-** Certificación de obra núm. 3 e final da obra “**MELLORA DO ESPAZO MEDIOAMBIENTAL RÍO PONTIÑAS**”, presentada pola entidade **NAROM, S.L**, redactada polo Arquitecto Técnico Director das obras cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **15.830,69 €**.

#### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**5.1.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA PARA O CONCELLO DE LALIN**” a **D. LUÍS SOBRADO LÓPEZ**, por unha porcentaxe de rebaixa sobre os prezos máximos establecidos nos pregos do 35%, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa.

**5.2.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado SERVIZO DE MANTEMENTO E REPOSICIÓN DE EXTINTORES DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS**” mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo licitación de 11.410,82 €/anuais (IVE incluído).

**5.3.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN PARA OS EDIFICIOS MUNICIPAIS DE LALÍN**” mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 39.000,00 €/anuais (IVE incluído) e un prazo de execución de 3 anos.

**5.4.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 49.480,20 € máis a partida de 10.390,84 € correspondente ao IVE, con destino á realización das obras denominadas “**CONSTRUCCIÓN DE DEPURADORA EN ZOBRA**”, e contratar coa empresa **BILEGA ENERGÍA S.L.** a realización da citada obra, con arranxo ao orzamento remitido pola citada entidade mercantil, polo importe total de 59.871,04 € (IVE incluído).

**5.5.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado **“REFORZO DE PAVIMENTO DE PISTAS EN SOUTOLONGO, SELLO E MONEIXAS -(PLAN CONCELLOS 2016 )”** á empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L. por un importe de 48.828,03 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 1 mes, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa.

**5.6.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA A CONSERVACIÓN E BACHEO DE PISTAS ASFALTADAS DO CONCELLO DE LALIN”** ás seguintes empresas:

Lote 1: Bituminosos á empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.  
Lote 2: Áridos á empresa CANTERAS DEL ARENAL S.L.

**5.7.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado **“SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO PARQUE MÓBIL E DA MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALIN ”** ás seguintes empresas:

- LOTE 1: Mantemento e reparación integral dos tractores, cortacespedes, desbrozadoras de tractor e equipo de traballo a motor á empresa HERMANOS TOIMIL GARCÍA S. L.
- LOTE 2: Mantemento e reparación integral dos camións, retroescavadoras, motoniveladora e compactador vibratorio, a empresa HIDRAMAQ DEZA S.L.
- LOTE 3: Mantemento integral dos turismos, vehículos todo tereno e furgonetas, a empresa “TALLERES O CASTRO”.

**5.8.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRO E INSTALACIÓN TEMPORAL DE ELEMENTOS DECORATIVOS DE ALUMEADO DE NADAL NO CONCELLO DE LALÍN 2016-2017”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 9.917,35 €, máis a partida de 2.082,65 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 12.000,00 €, e un prazo de montaxe de 10 días naturais.

## **6.- EXPEDIENTES DE SELECCIÓN DE PERSOAL.**

**6.1.-** Acordouse a contratación da aspirante que acadou a maior puntuación para o posto de **Axente de Emprego e Desenvolvemento Local** deste Concello de Lalín de data 13 de outubro de 2016.

**6.2.-** Acordouse **aprobar as bases de selección para a contratación de**

**dous (2) titores/as de inserción laboral** para levar a cabo a execución e desenvolvemento das accións do programa integrado de emprego de carácter temporal denominado “Mocidade Activa”, durante os anos 2016 e 2017.

**6.3.-** Acordouse a aportación do Concello de Lalín, en concepto de **cofinanciación** para o período 01/09/2016-30/11/2016 por importe de 4.755,89 euros, se realizará en base ao porcentaxe máximo do 50 % dos custos salariais da técnica de promoción de emprego responsable da coordinación e xestión do programa.

**6.4.-** Acordouse declarar servizo esencial para este Concello o desenvolvemento do **Programa Integrado “Mocidade Activa”**.

### **7.- FACTURAS E CONTAS.**

Acordouse **aprobar e declarar de abono a relación de facturas núm. 00136 por importe de 249.786,85 €.**

### **8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**8.1.-** Acordouse declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida dita subvención e que se desenvolveu a actividade denominada **“Obradoiros de Impresión 3D para a mocidade de Lalín”** ao abeiro da Orde de 21 de abril de 2016, e aprobar a conta xustificativa de dita subvención sendo os gastos totais de 3.750,00 euros.

**8.2.-** Modificar a base 11 das **Bases Reguladoras da concesión de subvencións para actividades deportivas 2016** e o extracto da convocatoria, unicamente no relativo ao prazo de xustificación, ampliando o mesmo ata o día 20 de novembro de 2016.

**8.3.-** Acordouse aprobar a **conta xustificativa de gastos correspondentes ao terceiro trimestre de 2016** (entre o 01/07/2016 e o 30/09/2016), por importe de 4.135,05 €, imputándose o 50% do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín.

**8.4.-** Acordouse a adhesión ao Convenio marco de colaboración modificado pola Adenda de 6 de setembro de 2016 entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

(RAEE).

**8.5.-** Acordouse autorizar a **alta na Taxa** por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente, número de placa 696 na Rúa dos Tilos, nº 9 – baixo.

**8.6.-** Acordouse proceder ao **cambio de titularidade** do vado permanente e a entrega da placa co número 695 no Barrio de Abaixo, nº 17 – Lalín.

**8.7.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do **servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia**, correspondente ao mes de SETEMBRO de 2016 por Importe total de 7.251,97 €, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de SETEMBRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 30.261,26 €.

**8.8.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do **servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenzia**, correspondente ao mes de SETEMBRO de 2016, por importe total de 727,32 €, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenzia, prestado durante o mes de SETEMBRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.615,53 €.

**8.9.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa presentada polos sesenta (60) beneficiarios da concesión de **bolsas complementarias ao estudo** para alumnos/as de centros docentos públicos e privados para o curso 2016-2017, por un importe total 5.159,55 €.

**8.10.-** Acordouse recoñecer a obriga de pagamento da cantidade de 8.002 € á Deputación de Pontevedra, polo **servizo de recollida de animais abandonados do ano 2016** conforme ao convenio asinado con esta entidade e de acordo co informe do Técnico de Medio Ambiente.

**8.11.-** Acordouse **aprobar a addenda ao Convenio de colaboración**, na que se inclúe, na cláusula sétima, relativa ás subvencións e axudas, que os Concellos integrantes da agrupación asumen o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención.

## **9.- CORRECIÓN DE ERROS.**

**9.1.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido na Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2016 en relación á concesión de 212 bolsas ao estudo.

**9.2.-** Acordouse **corrixir o erro** acaecido na sesión da Xunta de Goberno Local do 10 de outubro de 2016 en relación ao recoñecemento da obriga a favor da empresa Suministros Industriales, S.L.

## **10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**10.1.-** Deuse conta do escrito remitido pola Xunta de Galicia-Consellería de Economía, Emprego e Industria-Dirección Xeral de Comercio, de data 17 de outubro de 2016, no que comunican a concesión dunha **subvención por importe de 5.245,41 euros ao Concello de Lalín para actuacións varias na Praza de Abastos**, e procedeuse a aceptar a mesma.

**10.2.-** Deuse conta do escrito remitido pola **Xunta de Galicia-Consellería de Facenda-Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de data 5 de outubro de 2016, no que comunican a aceptación da concesión a título gratuito e o uso dun inmovible outorgada polo Concello de Lalín á Comunicade Autónoma de Galicia** con destino ao establecemento dunha estación de control da calidade do aire.

**10.3.-** Concedeuse **autorización municipal** para o uso do Museo Ramón María Aller Ulloa para o próximo venres día 28 de outubro de 2016 en horario de 20 a 22:30 horas, para realizar unha charla coloquio sobre “O nacionalismo galego hoxe”.

**10.4.-** **Rexeitouse conceder autorización municipal** para o acceso ao Cemiterio Municipal para recoller uns ósos e dentes antigos ou dalgunha persoa sen identificar, para a mellor comprensión do estudo de anatomía humana da facultade de Odontoloxía da USC.

**10.5.-** Concedeuse **autorización municipal** para o uso do Pavillón Municipal para os días 25, 26 e 27 de novembro de 2016, e organizar unha feira de antigüidades contando con 30 expositores, que abrirán o venres 2 de 4 a 9 da tarde. No sábado e no domingo a apertura sería de 10 a 21, con peche entre as 14:09 e as 15:30.

-----

